




# DEPUTACIÓN DE LUGO



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE O CORGO PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES NA EXECUCIÓN DE PISCINA DE APRENDIZAXE CON TOBOGÁNS NA PRAIA FLUVIAL DO RÍO CHAMOSO

En Lugo, 14 de novembro de 2016

### REUNIDOS

Dunha parte, don Darío Campos Conde, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-27000001 e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra don Felipe Labrada Reija, con N.I.F.33843370-C que actúa en nome e representación do concello de O CORGO, con C.I.F. P 2701400 J e sé social en A Portela s/n, O CORGO-, de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de 1º Tenente de Alcalde, segundo delegación que se adxunta.

Ante *don Manuel Castiñeira Castiñeira*, Secretario da Deputación Provincial de Lugo en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente convenio de colaboración aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo,

### EXPOÑEN

**Primeiro.**- Segundo o artigo 36 da lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de réxime local, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. Neste mesmo senso se pronuncia a lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, engadindo no seu artigo 118 que compete ás Deputacións provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, en especial, entre outros, a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Régimen Local, sinala: “ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obligatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)



# DEPUTACIÓN DE LUGO



6.- *As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrição de convenios administrativos; (...)*

**Segundo.**- O concello de O CORGO, de acordo co artigo 25 da lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. En todo caso, exercerá como competencias propias, entre outras, “(...); b) Medio ambiente urbano: en particular parques e xardíns públicos, xestión de residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas; c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; h) información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; l) promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais; (...)”.

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, limpeza viaria, saneamento, acceso a núcleos, pavimentación de vías, (...). O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

O concello de O CORGO, é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

**Terceiro:**- Que os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio. Ademais, tendo en conta a regulación recollida no artigo 3.3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urgentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, o obxecto deste convenio encaixa dentro daqueles supostos que non se consideran como o exercicio de novas competencias, resultando de aplicación os mecanismos bilaterais de colaboración consonte aos artigos 193.4 e 200 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

**Cuarto.**- O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico (...).

**Quinto.**- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumplilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

**Sexto.**- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”.



# DEPUTACIÓN DE LUGO



(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subsciran as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

- a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

**Sétimo.-** En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscibir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumplir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subsciban, ter capacidade para financiar os assumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)"

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

- a) Suxertos que subsciben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
- c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
- d) Obrigas e compromisos económicos assumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.
- e) Consecuencias aplicables no caso de incumplimentos das obrigas e compromisos assumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumplimento
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) Régime de modificación do convenio.
- h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
  - a. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
  - b. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

**Oitavo.-** A colaboración coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as Administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coerente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.



# DEPUTACIÓN DE LUGO



**Noveno.-** A Deputación de Lugo e o concello de O CORGO exercen competencias en materia de infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade, promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, e teñen a posibilidade legal de subscibir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente ( art. 30 do TRLRL, entre outros). O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó intereses público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumplirlos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2 e 3 que entre os obxectivos sinala “(...) b) manter e mellorar o nivel da poboación do medio rural e elevar o grao de benestar dos seus cidadáns, asegurando uns servizos públicos básicos adecuados e suficientes que garantan a igualdade de oportunidades e a non discriminación, especialmente das persoas más vulnerables ou en risco de exclusión, (...)”. A estes efectos debe terse en conta que aínda que a acción obxecto do convenio se desenvolva en zona urbana, o art. 3.a da amentada Lei 45/2007 establece a seguinte definición auténtica de medio rural: “*Medio rural: o espazo xeográfico formado pola agregación de municipios ou entidades locais menores definido polas administracións competentes que posúan unha poboación inferior a 30.000 habitantes e unha densidade inferior aos 100 habitantes por km2.*”

De igual xeito, o artigo 23 desta mesma Lei 45/2007 sinala “No ámbito das infraestruturas locais e os equipamentos e servicios básicos, o PDRS poderá establecer medidas orientadas a: (...) e) Apoiar a dotación dos servizos públicos municipais de prestación obligatoria nos núcleos urbanos do medio rural, o seu mantemento e mellora ...”

O artigo 25 desta mesma Lei 45/2007 establece “para o fomento da eficiencia, o aforro e o bo uso dos recursos hídricos no medio rural, no marco da planificación hidráulica correspondente, o Programa poderá conter medidas orientadas a: (...), d) A adecuación das infraestruturas de abastecemento e saneamento da auga ás necesidades existentes no medio rural e, en particular, nas áreas integradas na Rede Natura 2000, (...)”. De igual xeito, o artigo 34 desta mesma Lei 45/2007 sinala “As medidas de desenvolvemento rural contempladas nesta Lei, serán financiadas pola Administración Xeral do Estado e polas demais Administracións Públicas participantes con cargo aos seus respectivos orzamentos, de acordo, no seu caso, cos convenios de colaboración previstos no artigo 11 de esta Lei. (...)”

Os artigos 7 e 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construir, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.



# DEPUTACIÓN DE LUGO



En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio de Colaboración, de conformidade coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de O CORGO e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias, para acadar o fin común de: EXECUCION DE PISCINA DE APRENDIZAXE CON TOBOGÁNS NA PRAIA FLUVIAL DO RIO CHAMOSO.

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizaros seguintes investimentos e actividades:

INVESTIMENTO: Construcción de piscina de aprendizaxe con tobogáns na praia fluvial do río Chamoso	ACHEGAS
Fondos achegados pola Deputación	Anualidade 2016: 218.150,00.-€ Anualidade 2017: 179.900,00.-€ Anualidade 2018: 38.250,00.-€
Fondos propios do concello de O Corgo	Anualidade 2017: 13.699,99.-€
<b>TOTAL</b>	<b>449.999,99-€</b>

O concello de O CORGO achegará os proxectos técnicos necesarios para a execución das obras, memorias técnicas segundo proceda legalmente, así mesmo encargarase da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requirán legalmente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido

### SEGUNDA.- Ámbito territorial

O ámbito de desenvolvemento dos investimentos que son obxecto do presente convenio se refire á provincia de Lugo, e concretamente ao termo municipal de O CORGO.

### TERCEIRA.- Achechas e compromisos das partes.

#### 2.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio de colaboración, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Ao financiamento dos investimentos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, con un total de 436.300,00 euros dos que 218.150,00 euros serán con cargo ao orzamento do 2016; 179.900,00 con cargo ao orzamento de 2017 e 38.250,00 euros con cargo ao orzamento de 2018. A deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento 2017 o importe de 179.900,00€ e no



# DEPUTACIÓN DE LUGO



orzamento 2018 o importe de 38.250,00€ supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. En caso de producirse baixas na licitación, poderá, en primeiro lugar, e previa autorización desta Deputación, adicarse a reducir a cantidad estipulada como financiamento a asumir polo Concello de O CORGO, e en segundo lugar a reducir o financiamento comprometido pola Deputación Provincial.
3. Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables

## 2.2. Concello de O CORGO

En cumprimento do presente convenio de colaboración, o Concello de O CORGO comprométese ao seguinte:

- a) Achegar como contribución ao fin común, os proxectos técnicos e/ou memorias valoradas necesarios para a execución das obras segundo legalmente proceda, da dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións que sexan preceptivas.
- b) Aportar os terreos precisos, permisos e autorizacións que sexan preceptivas.
- c) Llicitar as actuacións con suxección ao establecido no TRLCSP, como órgano de contratación.
- d) Aportar para a execución do convenio o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido, estimado inicialmente en 13.699,99 euros.
- e) Executar os investimentos relacionados, obxecto deste convenio, nada data límite **do 31 de Marzo de 2018**.
- f) Asumir a titularidade dos resultados obtidos
- g) Tramitar e obter as autorizacións, licenzas e permisos que sexan necesarias para a execución das actuacións indicadas, así como outorgar as autorizacións e licenzas que sexan de competencia municipal.
- h) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.
- i) Convidar á representación institucional de Deputación aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.
- j) Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables

## CUARTA.- Réxime económico.

### A. Achega

#### 1. Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 436.300,00 euros para que o concello de O CORGO poda afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e as actuacións que figura na cláusula primeira.

O importe total a achegar pola Deputación de Lugo, ascende a 436.300,00 euros, dos que 218.150,00 euros serán con cargo á aplicación orzamentaria 3410.762 do vixente Orzamento Xeral 2016, adquirindo o compromiso de incluír nos orzamentos do ano 2017 o importe de 179.900,00 e no orzamento de 2018 o importe de 38.250,00 euros restantes. Ao tratarse dun gasto plurianual, a achega da anualidade 2017 (179.900,00€) e 2018 (38.250,00€) queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.



# DEPUTACIÓN DE LUGO



## 2. Achega do Concello:

O Concello de O CORGO financiará as actuacións descritas con 13.699,99€, así como co importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido, incluído o custe dos proxectos ou memorias técnicas, dirección de obra e dirección de execución e seguridade e saúde das actuacións nas que legalmente proceda. Así mesmo aportará tódolos terreo precisos, permisos e autorizacións das obras de tódalas actuacións do presente convenio.

## B. Xustificación

Unha vez finalice a actuación prevista e contemplada neste convenio e no prazo máximo de 2 meses, o concello de O CORGO, achegará á Deputación de Lugo unha **conta xustificativa** conxunta dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

- Memoria de actuacións das actividades realizadas.
- Memoria económica xustificativa do custo da actividade, que conterá:
  1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e data pagamento para cada actuación.
  2. Certificacións de obra, a certificación final, acta de recepción, facturas e acreditación dos pagos. Ditos documentos deberán ser orixinais, e serán devoltas, previa petición do concello, unha vez selados polo centro xestor.
  3. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do concello do custo total da actividade, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
  4. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do concello de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
- Declaración responsable emitida polo concello de O CORGO, indicando que a entidade asumió o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE.
- Declaración responsable do representante do concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
- Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de colaboración, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.
- Declaración responsable na que se faga constar que o concello de O CORGO non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- Declaración responsable na que se faga constar a colaboración da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións, e soportes, que se utilicen na execución da actividade.
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.



# DEPUTACIÓN DE LUGO



- No caso de que a Deputación tiña aboad un anticipo e o concello non executase a totalidade da cantidade aboada por este concepto, o concello de O CORGO presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-0423. De non cumprirse esta obrigación, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

## C. Anticipo

Por outra banda, a Deputación de Lugo poderá efectuar un anticipo, con dispensa de garantía, de ata o 90% do importe da anualidade 2016, e neste caso o concello de O CORGO deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitud do anticipo.
2. Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.
3. Declaración responsable na que se faga constar que o concello de O CORGO non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.
5. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización do fin común, que poderá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2017 a cantidade de 179.900,00 euros co anticipo, con dispensa de garantía, do 90%, é dicir, 161.910,00 € previa solicitude e aprobación nos mesmos termos sinalados anteriormente e unha vez xustificada a totalidade da anualidade 2016. Así mesmo comprométese, supeditado igualmente a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no orzamento de 2018 a cantidade de 38.250,00 €, co anticipo, con dispensa de garantía, do 90%, é dicir 34.425,00€, previa solicitude e aprobación nos mesmos termos sinalados anteriormente e unha vez xustificada a totalidade da anualidade 2017.

## QUINTA.- Duración do convenio de colaboración.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura aínda que con efectos económicos desde o 01 de xaneiro de 2016 e manterase ata o cumprimento do mesmo e unha vez terminen o conxunto de actuacións dos compromisos adquiridos polas partes, coas limitacións temporais fixadas na cláusula terceira (2.2.e) e o establecido o artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, do Régime Xurídico do Sector Público .



# DEPUTACIÓN DE LUGO



En todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación de Lugo se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa aportada polo concello de O CORGO, que deberá efectuarse antes do 31/12/2018, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencimento do prazo.

## SEXTA.- Extinción e efectos

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP.

O incumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015.

## SÉTIMA.- Comisión de Seguimiento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento o que o sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

1. Velar polo cumprimento deste convenio.
2. Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
3. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
4. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
5. E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

## OITAVA.- Sistemas de comunicación, información e publicidade

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, actividade ou actuación, o concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas. De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumplir o requisito de que sexan en galego.



# DEPUTACIÓN DE LUGO



O concello de O CORGO autoriza, coa sinatura do presente convenio, á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir polos medios ou canles que considere axeitado, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de colaboradora.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a colaboración de ambas entidades no fin común perseguido.

A Deputación e o Concello comprométense a cumplir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables

## NOVENA.- Carácter do convenio de colaboración.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que quedan excluídos do eido da citada lei "os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta lei".

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademas de actuar "conveniendi causa"), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación.

As partes comprométense a resolver de xeito amistosa calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Régime Local, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecientes asinan para este só efecto e por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data anteriormente indicados

O PRESIDENTE,  
Dario Campos Conde

O 1º TENENTE DE ALCALDE DE O CORGO

Felipe Labrada Reija

O SECRETARIO

Manuel Castiñeira Castiñeira